

Estrutura do comercio. Ano 2002

COMUNICADO

39.661 ESTABLECEMENTOS DEDICADOS Ó COMERCIO POLO MIÚDO EN GALICIA

No ano 2002 existían en Galicia 14,5 establecementos de comercio polo miúdo por cada 1.000 habitantes

Con data 1 de xaneiro de 2002 o comercio polo miúdo era a actividade principal de 39.661 establecementos pertencentes a 33.947 empresas, un 4,3% menos que o número de establecementos rexistrados un ano antes. En consecuencia, a esa data a densidade comercial de Galicia era de 14,5 establecementos por cada 1.000 habitantes e existían 1,3 establecementos por cada quilómetro cadrado de superficie xeográfica.

A superficie de venda media destes establecementos era de 88 m², cinco metros máis que no ano 2001, o que ven a representar aproximadamente o 73% da superficie total destes establecementos –superficie de venda máis almacéns, oficinas, aparcamento, etc.-. O dato de superficie de venda por habitante era de 1,3 m², un 2,0% máis elevada que un ano antes.

O 65% dentro do comercio especializado non alimentario

O maior número de establecementos de comercio polo miúdo concéntrase no que se pode chamar comercio especializado non alimentario (grupos 523, 524, 525 e 527 da CNAE-93 Rev.1); aí estarían incluídos o 64,9% dos establecementos do ámbito estudado, debido fundamentalmente ó grupo 524 que representa o 57% do total, grupo no que estarían comprendidos os establecementos dedicados á venda de téxtiles, calzado, mobles, libros, artigos de deporte, electrodomésticos, ferraxería, et. No comercio especializado en alimentación estarían o 17,3% e no comercio non especializado (venda de máis de cinco tipos de produtos e ningún deles con facturación superior ó 50%) o 17,7%.

A Coruña e Pontevedra concentraban o 75% destes establecementos

A Coruña era a provincia con maior número de establecementos dedicados ó comercio polo miúdo (40,8%), seguida de Pontevedra (34,2), Lugo (12,7%) e Ourense (12,3%). No ámbito

Data 25 de abril 2005

comarcal, Vigo e A Coruña, con valores moi similares, concentraban o 30% do total de establecementos de Galicia.

A densidade comercial si era similar nas catro provincias, con cifras en torno a 14 e 15 establecementos por cada mil habitantes. A superficie de venda media era superior nas provincias do norte, Lugo (93 m²) e A Coruña (90 m²), e inferior nas do sur, Pontevedra (85 m²) e Ourense (83 m²).

55 grandes superficies

Con data 1 de xaneiro de 2002 existían en Galicia 55 grandes superficies, establecementos de comercio polo miúdo con máis de 2.500 m² de superficie de venda, 5 máis que un ano antes o que se traduce nun incremento do 10%. A provincia da Coruña, con 23 establecementos, era a que máis tiña, seguida de Pontevedra con 18, Lugo con 8 e Ourense con 6.

A superficie de venda total existente neste tipo de formato comercial ascendía a 539.359 m², un 5,8% superior á do ano 2001, e que representa o 15,4% da superficie de venda destinada a comercio polo miúdo en Galicia. A superficie de venda media por establecemento era de 49.770 m², valor con diferenzas entre provincias; así, se na Coruña e Pontevedra era superior a 10.000 m², en Lugo e Ourense non chegaba ós 7.000 m².

Establecementos de comercio polo miúdo. Datos xerais á data 1 de xaneiro de 2002. Galicia

	Dato
Número empresas	33.947
Número establecementos	39.661
Superficie venda (miles m ²)	3.491
Superficie total comercio (miles m ²)	4.758
Densidade comercial	14,49
Número establecementos por km ²	1,34
Superficie venda por habitante (m ²)	1,28
Superficie venda media (m ²)	88,03
Taxa superficie comercial	8,88%
Superficie venda comercio/ superficie total comercio	73,38%

Fonte: IGE. Estructura do comercio

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es

Data 25 de abril 2005